

I ADDENDA AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VALGA, PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES PARA CONCELLOS".

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POR:

I ADDENDA AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VALGA, PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES PARA CONCELLOS".

En Pontevedra/Valga

INTERVEÑEN

D. Luis López Diéguez, actuando en representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidente deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).

D. José M.^a Bello Maneiro, alcalde do Concello de Valga, actuando en representación do mesmo en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 124.1.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar esta I addenda e, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que con data 26 de novembro de 2021 aprobouse o Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos da Provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para Concellos (expte. nº 2021052661).

Segundo.- Que a cláusula décima do convenio indica que a duración do mesmo poderá ser prorrogado de forma expresa a través da correspondente addenda, por períodos anuais ou superiores, por outros dous (2) anos conforme ao disposto no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.



A tramitación, subscripción e efectos da prórroga que no seu caso se acorde efectuarase de acordo co previsto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e co resto da normativa aplicable.

Terceiro.- Mediante acordo da Xunta de Goberno en data 24 de novembro de 2023, foi prorrogado o servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos, expte. 2021033561.

Cuarto.- Que o art. 6o do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), prevé que todos os padróns municipais xestionaranse por medios informáticos, correspondéndolle ás Deputacións Provinciais o apoio técnico e económico para este fin aos municipios do seu ámbito xeográfico, e asumirán a xestión informatizada dos padróns dos municipios que, pola súa menor capacidade económica e de xestión, non o leven efectivamente así.

Ademais, o artigo 36.1 apartado g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, é competencia propia da Deputación: “A prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes” e o artigo 36.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, establece como competencia propia das Deputacións Provinciais dar soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e a realización de actividades materiais e de xestión.

Quinto.- Que a cooperación interadministrativa para a aplicación coordinada da normativa reguladora dunha determinada materia poderase plasmar a través dun convenio no que estean previstas as condicións e compromisos que asumen as partes que o subscriben, tal e como se preceptúa o artigo 144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexto.- Que a Deputación de Pontevedra, consciente da demanda e a importancia do servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para os 37 concellos adheridos ao convenio desexa estender, mediante esta I Addenda, o seu ámbito temporal de aplicación.

Sétimo.- Resultando de interese para as Entidades Locais continuar uso e soporte dunha solución de Padrón Municipal de Habitantes.



ACORDAN

PRIMEIRA.- Ampliación da vixencia do convenio

Ampliar a vixencia do convenio ata o 21 de febreiro de 2026, data de finalización da prórroga do contrato para o servizo de servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos (expte. 2021033561).

A vixencia do convenio de orixe non se estende máis do prazo de 4 anos establecido no art. 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEGUNDA.- Efectos da I Addenda

A presente I Addenda producirá efectos dende a súa sinatura.

Salvo modificacións expostas na presente I Addenda, mantéñense plenamente en vigor todos e cada un dos termos e condicións do convenio.

TERCEIRA.- Réxime Xurídico

A regulación establecida nesta I Addenda axustarase, en todo e no especificamente regulado nela, ao réxime xurídico establecido nas cláusulas do convenio de colaboración do que trae causa.

E para que conste, e en proba de conformidade, asinan as persoas interviñentes a presente I Addenda ao "Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos da Provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para Concellos".

Documento asinado electronicamente.

